



NOME: Dane Ramad'An.

PROFESIÓN: Mecánico

REPUTACIÓN: Fiable

Ex-empregado da casa Ford en Dearborn

Podes amañar o que sexa nun tempo de 1d6 minutos

Cando axudes a alguen, a dificultade da tarefa diminúy n n rango. Se a tarefa é fácil, non é necesaria axuda.

DESTREZA: 1

ENXEÑO: 1

MÚSCULO: 1

VIOLENCIA: 0

VONTADE: 2

LINGUAS: Inglés e Alemán

PUNTOS DE VIDA: / 11

PUNTOS DE CORDURA: / 11



EQUIPO:

Caixa de ferramentas de Ford.
Chisqueiro Zippo. Foto engurrada
coas súas amizades

CONSECUENCIAS:

CICATRICES:

ARMA

DANO d6

Chave inglesa pesada 1

Escopeta recortada 2

FEITIZOS:

TRASFONDO:

Dende que recordas non te sintes a gusto. Sempre dixeron que eras unha nena preciosa. Iso non te facía sentir a gusto. Co tempo foches cambiando un pouco o teu estilo. En casa xogabas a probar a roupa de papá. Cando te descubriron en casa se enfadaron moito. Sentías que había algo mal en ti. Non te entendían. Coas amizades da infancia tampouco tiveches moita sorte. Querías xogar a beisbol pero non te deixaban, tiñas que conformarte coas bonecas ou coa corda. Cos anos foi máis intensa a incomodade. Non sabes qué che pasaba. A incomodade a sentías cada vez que te vías ó espello. Era como se non viras a realidade de algún modo. Intentaches ser quen agardaban pero non o conseguiches. Á túa familia amosaba a súa decepción. Ese malestar te acomañou en todas as facetas da túa vida. Sentías inseguridade ao estudar, ao facer actividades. Cada vez ocupabas menos espazo e tiñas menos voz. Finalmente marchaches de casa cando volveron pillarte coa roupa de teu pai. Non sabías que había mal contigo pero a túa familia non axudaba.

Por sorte tiñas aforros. Compartiches piso con moitas persoas estranxeiras. Era o que poidas permitirte. Escoitaches moitas das súas historias do racismo que sufrían. Comezaches a vertirte cubrindo o teu corpo. Comezaron a tratarte coma a un home. Non era o que buscabas pero finalmente te adaptaches. Sentías medo por todo, estabas só, sen experiencia, sen familia, sen amizades. Tiveches que aguantar a pesar do medo. Chegouche unha oportunidade.

Entraches a traballar en Ford hai anos, en Dearborn. Alí coñeciches a un grupo xenial de traballo. Amosaron moita empatía contigo- Quizais por sufriren racismo, puideron poñerse no teu lugar: Georgina Hoffman e Harry Goldman teñen ascendencia xudía, e Peter (Pietro) Amato e Roberto familias italianas. Este grupo te guiou na empresa e axudou a topar un lugar. Coñecíanse dende a infancia e non tiveron problema en integrarte. Axudáronte a gañar confianza. Agora son a túa familia escollida, a túa toma de terra. Dende que están na túa vida choras menos. Empezas a sentirte cada vez máis ti. En concreto con Roberto é con quen tes máis confianza. É un exemplo para ti: confía en si mesmo. Sempre está para apoiarte e axudarte a crecer.

Houbo despedidos masivos e empeoramento das condicións en 1924, hai 2 anos. Organizouse unha folga moi dura, moito. Só pediades traballo digno e rematar coa explotación, cos salarios baixos, horarios imposibles e poder contar con descansos conforme á lei. Era unha manifestación pacífica pero volveuse unha masacre: tiros, apaleamentos. Houbo varias mortes, incluíndo un mocíño de 16 anos. Nun primeiro momento acusaron ao grupo "comunista" de traballadores/as. Foi tempo despois cando se engadiu unha pequena nota rectificaba e deixaba a responsabilidade das mortes e feridas á policía e á seguridade de Ford.

Vos despediron tras a greve, por participar na manifestación. Georgina e Harry conseguiron emprego no matadeiro de Dearborn. Este foi adquirido por Ford, aínda que o dirixe Paul Brown. Tras a venta as túas amizades volveron ser obxecto de despido. Ford é un antisemita e as túas amizades xudías sábeno mellor ca ninguén. Roberto, Peter e ti facedes traballos máis puntuais, incluso algún timo e roubo en caso de necesidade.

Por isto, aos teus 22 anos, formas parte desta viaxe. Queres ser de axuda nesta loita. Acabades de chegar á "cidade do vento", Chicago. Vos asentades en O'Really. É un hotel barato no barrio irlandés. A Big Joe Romano non lle convenceu o lugar pero rematou aceptándoo. Vides falar co curmán de Roberto: Joe. Vos toparedes nunha sala de xogos. Alí queredes propoñer o voso plan: raptar a Henry Ford e solicitar un rescate. Non tedes capacidade para iso pero agardades que Joe si. Recibirán a metade a cambio. Vós repartiredes a vosa arte co resto de persoas afectadas polos despidos. Tamén quedaredes co suficiente para poder fuxir logo do país. Esperas poder ir con Roberto.

NOTAS:

This image shows a single sheet of white paper with horizontal blue or grey ruling lines. The lines are evenly spaced and run across the width of the page. There are approximately 20 lines visible. The paper appears to be a standard notebook page.



NOME: Francesca (Frances) Monti

PROFESIÓN: Contrabandista

REPUTACIÓN: Encantadora

Soldado do Outfit de Al Capone

Sempre es capaz de esconder no teu corpo un obxecto pequeno (non máis grande que o teu puño) lonxe de cacheos ordinarios

A xente tende a relaxarse e falar máis libremente cando estás preto.

DESTREZA: 2

ENXEÑO: 1

MÚSCULO: 1

VIOLENCIA: 1

VONTADE: 0

LINGUAS: Inglés, Italiano

PUNTOS DE VIDA: / 11

PUNTOS DE CORDURA: / 10



EQUIPO:

Petaca de alcohol de contrabando.
Baralla de cartas marcada. Xoias
que pertencían a unha vítima

CONSECUENCIAS:

CICATRICES:

ARMA

DANO d6

Navalla

1

Pistola

1

FEITIZOS:

TRASFONDO:

A túa familia sempre traballou para a mafia de Al Capone. Non cho contaron pero descubríchelo. Vivíades moi ben, demasiado, así que investigaches. Decidiches aprender sobre ese mundo. Acudiches a campos de tiro. A túa familia non se opuxo. Tamén te acercaches aos baixos fondos. Sabes como sacar información. Non che custou moito.

Coñeciches a Anastasia. Ela era contrabandista. Fixéstedesvos amigas. Ensinouche como transportar "material" coma unha profesional. Ela tiña moitos encargos. Comezaches a axudala. Axudala ás veces era suplantala. Nas suplantacións coidabas a túa aparencia. Debías parecerse a ela. Non querías problemas.

Un deses encargos era unha arma. Solicitábaa unha tal Álex. Parecía unha muller con cartos. Recoñecible por adornar a súa cabeza sempre cunha flor. Achegácheste a ela. Convertícheste na súa compañeira de tiro. Tiña 5 anos menos ca ti. Era unha boa alumna, algo arrogante.

Houbo unha noite increíble con ela. Competístedes no "disparo a abrir botellas". Puñades botellas en orde, impares. Cada unha dende un lado disparaba: a ver cál abrían máis. Foi un empate emocionante: abrístedes a última entre ambas. Había que celebrar. Bebístedes todas as botellas. Vos deitástedes na herba a ver as estrelas. Bicoute nos beizos. A conto de qué? Marchaches. Non agardabas volver vela.

Seguiches cos teus traballos. Houbo unha moi mala noite. Cando estabas a mover mercancía en nome de Anastasia parece que algo foi mal. Pilláronte. Fuches á comisaría. Interrogoute o Sarxento Walsh. Non foi amable. Inteou sacarche información. Foi moi insistente. Foi moi convincente. Tratoute con total desprezo. Saíches co rostro marcado, unha costela rota e un intenso sabor a sangue. Salvache a túa vida facendo un moi mal trato. Era mellor iso ca morrer. Tiveches que vender a Anastasia. Foi encerrada en prisión.

Falaches con Anastasia en prisión. Pudeches vela aos ollos. Ela abriuche moitas portas en Dearborn. Era unha gran aliada. Non merecía estar aí pola túa traizón. Decidiches facer o posible por sacala. Era merecíao. Ti estabas sendo consumida pola culpa. Un día todo cambiou. Anastasia morreu en prisión, seica un axuste de contas. Agora non podías redimirte. Esa sangue mancha as túas mans. Esa morte rompeu a túa alma.

Marchaches a Chicago. Usaches as túas habilidades sociais para topar un sitio no que seguir vivindo. Vivindo baleira pero vivindo. Consequiches un posto no Outfit de Chicago. Así que aos teus 30 anos traballas para Al Capone. Curiosamente no teu equipo actual está Álex. Non parece saber que fuches Anastasia. Anastasia...

NOTAS:



RATAS EN LAS PAREDES



NOME: Alessandra (Alex) Sorrentino

PROFESIÓN: Tiradora

REPUTACIÓN: Sombrio

Sicaria do Outfit de Al Capone

Engades +1 as túas tiradas de violencia con armas de fogo cando tes cobertura.

Tes contactos nos baixos fondos e acceso a mercadería ilegal, como drogas ou armas.

DESTREZA: 1

ENXEÑO: 0

MÚSCULO: 1

VIOLENCIA: 2

VONTADE: 1

LINGUAS: Inglés

PUNTOS DE VIDA: / 11

PUNTOS DE CORDURA: / 11



EQUIPO:

Abrigo de pel caro. Un revólver de reserva. Unha preciosa flor para adorar o teu cabelo.

CONSECUENCIAS:

CICATRICES:

FEITIZOS:

ARMA	DANO d6
Navalla automática	1
Revólver	1

TRASFONDO: Nena de familia rica que buscaba emocións fortes. A ambición e o inconformismo te acompañan dende nena. Rexeitaches a túa vida fácil.

Clases de piano. Clase de danza. Hípica. Estudio de idiomas. Todo soberanamente aburrido. Na contra os rapaces podían facer cousas máis emocionantes. Xuntácheste co teu curmán Igor, disfrazácheste de mozo e puidiches ir de caza. A primeira vez cunha arma na man. Foi amor a primeira vista. Nunca tal sentiras por ningún home.

Querías a túa propia arma. Comezaches a mover fíos. Fíos alleos a papá e mamá. Comezaches a coñecer xente "escura". Así coñeciches as mafias. Conseguiches a túa primeira arma. Conseguiches unha compañeira de tiro: Anastasia. Tiña 5 anos máis ca ti. Era unha boa mestra. Superáchela coa túa puntería. Nunca chegou a sabelo. Preto dela eras máis torpe. Nunca houbo explicación a iso.

Houbo unha noite increíble. Competístedes no "disparo a abrir botellas". Puñades botellas en orde, impares. Cada unha dende un lado disparaba: a ver cál abrían máis. Foi un empate emocionante: abrístedes a última entre ambas. Había que celebrar. Bebístedes todas as botellas. Vós deitástedes na herba a ver as estrelas. Bicáchela nos beizos. Foi un arrebató. Non volviches vela.

Buscáchela. Atopaches a Brandon. Era un bo tirador. El amosouche como mellorar o teu tiro. Con cobertura a túa puntería volveuse moi superior. Volvéstedesvos unlla e carne. Presentouche a seu irmán menor: Liam. Era o seu punto feble: adorábao. Liam quería ser como Brandon. Presentouche ao seu irmán maior: Brendan O'Sullivan: líder da mafia irlandesa en Dearnborn. Unícheste, ¿por qué non? Mandaches a paseo á túa familia os poucos, era moi aburrida. Tiñas unha nova familia.

Unha noite de sangue. Fóstedes axustar unha conta. O grupo rival non tivo opción antes vós. Puidestedes gañar sen matar. Non matas. Esta noite celebrástedes. Foi unha noite apaixonada con Brandon. Fora divertida. A sorpresa foi uns días despois. Déstedes un paseo por un parque. Non houbo práctica de tiro. Non houbo ningunha viganza que executar. Axeonllouse e ofreceuche un anel. Era unha gran oportunidade para escalar. Quizais foi iso: dixeches que si.

Era un bo tío. Podías confiar nel. Ao parecer el non podía confiar en ti. Antes da voda empezaches a agobiarte. Fuches falar con el, un pouco agresiva. Non entendía nada. Non querías verte toda a vida ó seu lado. Nin un mellor posto na mafia valía tanto. Non sabes cómo pasou: matáchelo. Esa noite a túa alma cambiou. Fuxiches. Non es tonta. Se te quedabas ías ser asasinada.

As túas habilidades non pasaron desapercibidas. Agora, con 25 anos e en Chicago, traballas para o mesmísimo Al Capone, es parte do outfit. Es unha asasina. Agora matar é algo habitual en ti. Non estás orgullosa. Queríalo. Tes as mans manchadas de sangue. Do sangue do home que máis quixeches. Só non querías casar con el. Aínda che pesa a culpa. Levas sempre o pelo unha flor como a que che regalou.

NOTAS:



RATAS EN LAS PAREDES

NOME: Giuseppe (Joseph) Barone

PROFESIÓN: Médico

REPUTACIÓN: Anónimo

Médico clandestino do Outfit de Al Capone

Curas 1d6 puntos de vida a unha persoa ferida.
Necesitas cinco minutos para facelo.

A xente só ten unha probabilidade de 1 entre 6 de descubrirte cuando tratas de pasar desapercibido

DESTREZA: 1

ENXEÑO: 2

MÚSCULO: 0

VIOLENCIA: 1

VONTADE: 1

LINGUAS: Inglés, Italiano e Latín

PUNTOS DE VIDA: / 10

PUNTOS DE CORDURA: / 11



EQUIPO:

Identificación falsa como
Giovanni Caruso, barrendero. Pack
de primeiros auxilios (10 usos)

CONSECUENCIAS:

CICATRICES:

ARMA	DANO d6
Pistola	1
Puño americano	1

FEITIZOS:

TRASFONDO: Eras o gran exemplo de esperanza. Naciches nunha familia pobre. Acadaches unha prometedora carreira como médico. Tiveches o apoio da túa familia. Traballabas e intentabas estudar idiomas. Consequiches coñecer a Dorothy Davis. Ela valorou o teu esforzo. Confesaches os teus desexos de estudar medicina. Ela veu o teu potencial. Falou ao seu pai de ti. Custou anos pero conseguino. Seu pai financiou os teus estudos. Non deixaches de traballar, por se acaso. Remataches a carreira con altas calificacións.

Obtiveches un emprego como médico. Recibías moitos agradecementos. Consegúas a confianza da xente. Chegouche unha solicitude inesperada. Reflexionaches sobre a vida e o sufrimento. Accediches ante as súas súplicas. Acabaches coa súa vida. Deixou de sufrir. Comezaches a recibir máis peticións. Era duro pero aceptábalo. Vías a súa dor. Sabías canto duraría a súa agonía se non interviñas.

Houbo unha petición que te estremeceu. O mesmo Jack Davis. El era o pai de Dorothy, a túa mellor amiga. Pensáchelo moito. Aceptaches. Faleceu. Acompañaches a Dorothy no enterro.

Un día volviches a casa. A porta estaba aberta. Te tensaches. Había unha nota: "Sei o que fixeches. Non podo vivir con esta dor. Teño que pagar por terte axudado". A tensión aumentou e o pánico se apoderou de ti. Tiñas que falar con ela. Explicarlle. Ela entendería. Fuches á súa casa. Non abría a porta. Tiráchela abaixo. Atopáchela na súa habitación: aforcada. O teu mundo veuse abaixo. Os teus actos acabaron cunha vida inocente. Unha vida que tiña moito que vivir. Unha persoa que confiara en ti. Unha persoa que cría coñecerte. Non hai día que non te culpes.

Cambiaches de vida. Deixaches o traballo. Deixaches Dearborn. Volvícheste invisible. Un máis na rúa: unha persoa sen alma. A túa vida foi en decadencia en Chicago. Un día viches unha pelexa. Varios partiron deixando atrás un home malferido: Frank Nitti. Sanáchelo. Resultou ser a man dereita do mesmísimo Al Capone. Acabaches aceptando a súa proposta. Agora, aos teus 38 anos, es un médico clandestino do Outfit de Al Capone.

NOTAS:



NOME: Carlo (Charlie) Morelli

PROFESIÓN: Bruto

REPUTACIÓN: Brillante

Soldado do Outfit de Al Capone

Cuando loites a puñetazo limpo, tira 2d6 para o daño e quedas co dado máis alto.

Unha vez por sesión, tes éxito de maneira automática nunha tarefa específica como se sacaras un 12.

DESTREZA: 0

ENXEÑO: 1 **LINGUAS:** Inglés e Italiano

MÚSCULO: 2 **PUNTOS DE VIDA:** / 12

VIOLENCIA: 2

VONTADE: 0 **PUNTOS DE CORDURA:** / 10



EQUIPO:

Traxe italiano a medida. Petaca de prata con whisky. Tatuaxe dunha orquídea.

CONSECUENCIAS:

CICATRICES:

ARMA	DANO d6
Pistola	1
Escopeta	2

FEITIZOS:

TRASFONDO: O alcol pérdete por iso non bebes. Non moito. Levas algo pero por se lle tes que limpar unha ferida. Si, iso é.

A bebida foi a causa de que o perderas todo, aínda que a Hilary dicía que a culpa era túa que non tiñas autocontrol e que así non chegarías lonxe. Pois se trabucaba, o conseguiches o máximo, es membro do Outfit de Chicago, traballas para o mesmísimo Al Capone.

Sempre tiveches un futuro brillante. ías a ser investigador ou un increíble mecánico, un químico, o que puideras soñar. Un xoven tranquilo, educado, estudioso, unha familia perfecta. Unha vida feliz. Coñeciches a Hilary nunha biblioteca, en Dearborn. Se contases que frecuentabas eses lugares ninguén cho crería. Ela tamén estudiaba, contabilidade en concreto. Era boa cos números, moi sociable e divertida. Tivéstedes un romance. Ata lle pediches matrimonio. Ela aceptara.

Foi nunha tarde que quedaches con Ambrosse, un compañeiro ao que os estudos non lle ían tan ben pero era dunha familia ben así que tampouco o precisaba. Invitouches a saír e bebéstedes, bebéstedes moito. Nese momento o alcol comezou a formar parte da túa vida. Notaches que Hilary deixou de verte igual, xa non eras tan bo nos estudos. Pero o alcol aguzou os teus sentidos, notaches como Hilary coqueteaba con outros homes. Tiveches algunha ca outra trifulca por mór dela. Non era culpa túa. Entre o alcol e os babosos acabaches máis de unha vez nunha cuneta. Ela decidiu rematar a relación. Iso confirmouches que estaba con outro, que non te respectaba. Beberas moito. Décheslle unha malleira. O último que recordas dela é o seu corpo rodeado de sangue tirado no chan.

Agora, aos teus 32 anos, o teu traballo é moi importante, protexes ao teu xefe e non tes que pensar. Non che gusta pensar, aínda que segues a ser un crack cando se che dá por aí. Ás veces recordas a Hilary, esas veces bebes, pero é culpa dela. Esa tatuaxe dunha orquídea no teu brazo tampouco axuda. Sempre se adoraba con unha. Non recordas cando o fixeches. Estarías borracho. Por sorte agora contas co teu grupo, sodes coma unha familia, vos apoiades e respectades. Sobre todo te apoias en Joseph, s túas compañeiras se parecen máis a Hilary ca el.

NOTAS:
